



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ (SOGAPS) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “URXENCIA ALIMENTARIA NOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS A CAUSA DO COVID-19”

COMPARECEN

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, María Isla Avión, con DNI núm. 35.544.300P, na súa calidade de presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, NIF G15924558, asociación sen fin lucrativo e legalmente constituída e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma co número 2004/007037-1 (SC) e no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento co número 117.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

A Xunta de Galicia, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior e acción humanitaria, vén executando proxectos e programas en países con dificultade na cobertura das necesidades básicas de saúde e alimentación da súa poboación, como é o caso do Sáhara, a través da provisión de fondos que permitan dar resposta ás situacións críticas que se están a producir.

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, establece como ámbito de actuación preferente da cooperación galega o apoio aos países con menor grao de desenvolvemento, en especial, aqueles que conteñan amplas capas da súa sociedade en extrema situación de necesidade, potenciar os recursos humanos e materiais deses pobos e atender ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas. Así mesmo, nos seus diferentes plans directores a Cooperación Galega considera como prioritaria a atención á poboación saharauí, así como ás actividades destinadas á satisfacción das necesidades sociais básicas, entre as que se atopa a saúde.

Así, no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, considéranse colectivos prioritarios “as poboacións refuxiadas ou desprazadas ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais, cunha atención específica aos colectivos máis vulnerables (infancia, mulleres, persoas de



idade, persoas con diversidade funcional, etc.). Dentro deste grupo preferente, a cooperación galega seguirá apoiando singularmente á poboación saharauí e á poboación palestina”.

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, órgano superior da Administración autonómica da cooperación ao desenvolvemento consonte o establecido no artigo 34 do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera axeitada a mellora da cobertura das necesidades básicas, en especial a mellora das condicións de saúde nos territorios saharauís.

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (no sucesivo SOGAPS) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins o de propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria co pobo saharauí.

A SOGAPS é a única asociación galega recoñecida polo pobo saharauí para a formulación e realización de proxectos nos campamentos de refuxiados, e vén colaborando desde hai anos con diferentes iniciativas, entre outras, de garantía da seguridade alimentaria, a nutrición e o apoio ao sistema sanitario de atención primaria.

A SOGAPS pretende executar un proxecto de mellora das condicións de vida da poboación saharauí, en especial da poboación máis vulnerable dos campamentos de refuxiados, a través da prestación sanitaria á poboación, con especial atención aos efectos do COVID-19 na súa situación humanitaria.

A SOGAPS conta para a realización do proxecto co respaldo e a colaboración das autoridades saharauís, sendo a súa contraparte no terreo o Ministerio de Saúde Pública Saharauí en colaboración coa Media Luna Roja, o que vén a asegurar a correcta xestión dos recursos humanos e materiais postos á disposición do proxecto.

Así, tendo en conta as anteriores consideracións, todas as partes, coincidindo en que a iniciativa obxecto do convenio é de común interese para ambas e harmoniza cos fins dunha e doutra, acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición a canto se establece nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a SOGAPS no proxecto “Urxencia alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharauís a causa do COVID-19”.

O proxecto ten como obxectivo contribuír á mellora das condicións de vida da poboación refuxiada saharauí a través da atención humanitaria da poboación, especialmente en subministración alimentaria que escasea debido á pandemia do Covid-19.



SEGUNDA.- Obrigas da SOGAPS

A SOGAPS deberá:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
3. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, nas páxinas web oficiais da Xunta de Galicia e nos seus rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia; no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a SOGAPS comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e ao sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
5. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
6. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
7. Xustificar, mediante declaración asinada e previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
8. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.
9. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, lugar e prazo de execución. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

TERCEIRA.- Obrigas da Vicepresidencia e Consellería

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aboará a *SOGAPS* a contía máxima de cen mil euros (100.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.2 dos orzamentos da comunidade autónoma para 2020.

A *SOGAPS* poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

CUARTA.- Pagos anticipados

Tras a sinatura do presente convenio e previa petición da *SOGAPS*, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE concederá un anticipo pola contía máxima do importe da subvención concedida, de acordo co previsto na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos da execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/200, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Xustificación

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Deberase xustificar a totalidade dos gastos realizados. No caso de non xustificar a totalidade do gasto, o importe da subvención concedida reducirase na mesma proporción na que se reduza a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado. O prazo máximo para a presentación da mesma é ata o 31 de decembro de 2020.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluírá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente da *SOGAPS*.

2ª parte: xustificación económica, que incluírá:

- Certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente da *SOGAPS*.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Relación de todos os gastos efectuados da actividade con identificación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor das mesmas, descrición do gasto e, cando proceda, co seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros e a data e forma de pago dos mesmos.
- Facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e os seus comprobantes de pago.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que a *SOGAPS* indique, non asumindo a Xunta de Galicia o risco de flutuación no tipo de troco oficial nin os gastos bancarios a que houbera lugar por ese motivo, dando a orde de transferencia en euros.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras Administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

SEXTA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

SÉTIMA.- Publicidade

A *SOGAPS* obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade.

OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e un representante da *SOGAPS*.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento da *SOGAPS*.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no



suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020 incluíndo as actuacións iniciadas dende o mes de xullo de 2020, conforme ao establecido nos artigos 2 apartado 1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da execución anticipada e conforme, a plena satisfacción, dos gastos cofinanciados pola achega da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acredítase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade das mesmas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o

Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase electronicamente na data que figura á marxe.

POLA XUNTA DE GALICIA
O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO
DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA

POLA ASOCIACIÓN
SOLIDARIEDADE GALEGA CO
POBO SAHARAUÍ
A PRESIDENTA

Alfonso Rueda Valenzuela

María Isla Avión

ANEXO

OBXECTIVOS E RESULTADOS

Obxectivo Xeral:

Contribuír á mellora das condicións de vida da poboación refuxiada saharauí.

Obxectivo Específico:

Mellorar as condicións de vida da poboación saharauí.

Resultado 1: Mellorada a alimentación da poboación saharauí.

ACTIVIDADE 1.1.1: Compra de alimentos.

ACTIVIDADE 1.1.2: Distribución de alimentos.

FINANCIAMENTO

Partidas	Aportación Xunta de Galicia
Bens consumibles	100.000,00 €
TOTAL XUNTA	100.000,00 €

TOTAL ORZAMENTO DO PROXECTO: 100.000,00 €